

Fronda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 23

ano 4

xullo-agosto 2009

Os arquivos da fidalguía (I) **ÁRBORES XENEALÓXICAS E LIÑAXE**

Durante case quince séculos e ata ben entrado o XIX, **nobreza** e **clero** rexeron as sociedades europeas. Os nobres plasmaron a antigüidade e permanencia das súas estirpes confeccionando **árbores xenealóxicas** coas que destacaron a importancia da **liñaxe** na sociedade do **Antigo Réxime**. Por isto último, as xenealoxías son documentos particularmente significativos dos **arquivos da fidalguía** e consérvanse con abundancia no Arquivo Histórico Provincial de Ourense, rico en fondos de familias fidalgas da provincia.

Aínda que na teoría a sociedade do Antigo Réxime se autorepresentaba como estática e inalterable, o certo é que era posible o ascenso ou **mobildade social**. O caso da **fidalgúa galega** é un bo exemplo disto, se se ten en conta que a orixe destas liñaxes procedía en xeral da fundación de vínculos ou **morgados** por parte de individuos raramente nobres que reuniran un capital e conseguiran ascender socialmente aproveitando conxunturas socioeconómicas propicias.

Esta mobildade social contradecía os ríxidos principios ideolóxicos do Antigo Réxime segundo os cales a **orde social** herdada era inmutable e a nobreza, polo tanto, eterna. Neste contexto, a **xenealoxía** foi un útil instrumento para harmonizar esa contradición entre principios e realidade, xa que moitas veces encubriu casos de ascenso social a través do ocultamento das verdadeiras orixes familiares dos novos fidalgos. Con isto a sociedade aparentaba ser tan estática como en teoría debía ser.

Así, a xenealoxía, convertida en disciplina cultivada por especialistas (xenealoxistas e reis de armas) documentaba o **parentesco** de alguén con remotos antepasados que gañaran a súa nobreza en honrosas fazañas do pasado. Demostrábase deste xeito o antigo avoengo das familias fidalgas e, de paso, lexitimábase un **status privilexiado** herdado daqueles insignes devanceiros.

Máis alá desta **utilidade simbólica**, as xenealoxías tamén podían ter rendibilidade material: permitían probar parentesco na reclamación xudicial dunha

herdanza cando alguén morría sen herdeiros directos, ou na solicitude de acceso aos auxilios de **obras pías** fundadas para amparar aos familiares do fundador: dotes para mozas orfas, axudas para estudos eclesiásticos...

Pero ademais, coas xenealoxías acreditábase **limpeza de sangue** (ser fillo lexítimo, non ter antepasados bastardos, herexes, xudeus nin musulmáns...), un requisito indispensable na España do Antigo Réxime para acceder a cargos públicos ou eclesiásticos e para ingresar en multitude de institucións como colexios maiores, cabidos catedralicios, etc.



1700. S. I.

Árbore xenealóxica da familia Puga de Ourense.

Orixinal; papel; escritura humanística; castelán; 435 x 580 mm.
AHPOU, Familia Vaamonde, Caixón 9, Carp. 30.

